



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 24 DE SETEMBRO DE 2020

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e catro de setembro de dous mil vinte, sendo as vinte horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a Patricia María Vázquez Figueroa (voceira)

D.^a María Begoña Calviño Dorado

D. Juan Francisco Sánchez López

D. Santiago Franco Blanco

D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

D.^a Alicia María Souto Ramos

D.^a María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

D. Eloy Babío Veiga

Grupo Mixto

D. David Carro Temprano (BNG)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DÑA. MARÍA ARCA NIETO

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020

4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO. EXP.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2020/G016/000001

5. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SEXTA DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BERGONDO, PRECISIÓN DE CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXP. 2017/X999/000103 E 2019/U032/000001

6. DECLARACIÓN DE EFECTO NO UTILIZABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXP. 2020/X998/000308

7. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

8. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTRO DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

10. MOCIÓNS URXENTES

11. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020, a través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbbase a referida acta.

2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DNA. MARÍA ARCA NIETO

A sra. alcaldesa dá a palabra á sra. secretaria do concello, quen manifesta que con data 18.08.2020, recíbese no Concello, procedente da Xunta Electoral Central de xeito electrónico, a credencial expresiva de que foi desinada concelleira do Concello de Bergondo, dona María Arca Nieto, por estar incluída na lista de candidatos presentada polo Partido Popular, ás eleccións locais do 26 de maio de 2019, en substitución, por renuncia, de don Miguel Ángel Iglesias Mesías, da cal tomouse coñecemento por acordo plenario na sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2020.

Informa a secretaria que foron presentadas o 21.09.2020 pola concelleira electa as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación cos artigos 30.1 e 31.1 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, incritas nos Libros de Rexistros; atopándose

2 (38)

PLENO 24-09-2020

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen. (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público)



presente nesta sesión a sra. Arca Nieto a continuación, no cumprimento do previsto polo artigo 108.8 da Lei Orgánica do réxime electoral xeral, e para adquirir a plena condición do seu cargo, presta promesa do seu cargo de concelleira na forma indicada polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril, integrándose na Corporación Municipal.

A sra. Alcaldesa imponse a Medalla Edilicia.

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da orde do día, e que foi remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO. EXPEDIENTE 2020/G016/000001

Dáse conta aos/ás asistentes da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de setembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de adecuar o texto da ordenanza á lexislación vixente, coa actualización de tarifas e incluíndo o disposto no apartado seis do Artigo 23 (modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia) da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se fixan as condicións para o financiamento por parte da Xunta de Galicia aos concellos da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, este Concello procede á modificación a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal de Bergondo, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, actualizando tarifas consonte a normativa autonómica e incluíndo esta gratuidade recollida no antedito artigo 6, que engade unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, na que se regula esta bonificación, xustificada en razóns de interese público, impulso demográfico e conciliación, polo que en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal**, cuxo texto modificado queda como segue:

“Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público de Escola Infantil Municipal de



Bergondo.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 20.4.d) e seguintes do R-D Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así mesmo conforme ó Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería, este concello establece a taxa por prestación do servizo público Escola Infantil Municipal de Bergondo, especificando as contías no artigo 3 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos nesta ordenanza os pais/nais dos nenos/as en situación de alta na Escola Infantil Municipal de Bergondo e reciban ou resulten beneficiados ou afectados polos servizos prestados ou realizados nela, e no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3. Contías.

1.-Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, así como os/as fillos/as maiores de dezaoto anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ó 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano.

Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impositiva xeral coa base impositiva de aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar, Entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente o eu sustento.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

3.2.-As taxas aplicables por tarifa, quedan como seguen:

Intervalo IPREM	Tarif a.	xornada completa	media xornada	Al.	Xan.	Meren.	H. extra
>200%	1	169,26	84,63	13,5	47,05	13,5	21,16
150% - 200%	2	147,05	73,52	10,4	42,67	10,4	21,16
> 125% - <150%	3	133,29	66,64	9,55	33,79	9,55	21,16
100 % -125%	4	112,13	56,06	7,4	22,22	7,4	21,16
75% -100%	5	69,81	34,9	4,7	17,05	4,7	21,16
50 % -75%	6	34,91	17,45	3,25	10,7	3,50	21,16
30 % -50%	7	0,00	0,00	3,25	10,7	3,50	21,16
< 30%	8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	21,16

Enténdese por xornada completa a realizada durante máis de 4 horas e ata un máximo de 8 horas e por media xornada a realizada durante 4 horas ou menos. Todo isto sen prexuízo da organización de xornadas que regule o Regulamento de funcionamento e organización da escola infantil municipal.

Al: almuerzo. Xan: xantar. Me: merenda.

H. extra: hora extra (hora a maiores das 8 máximas da xornada completa). Sempre terán que estar debidamente xustificadas.

3.3.- *De acordo co disposto no apartado 10 do artigo único do Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/142, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece que o réxime de copago en centros municipais será, como mínimo, equivalente o réxime de precios públicos establecido polo Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o incremento de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia, que afecten ás contías mínimas contempladas neste artigo, levarán consigo o incremento automático do coste do servizo, ata garantir esta equivalencia.*

3.4.- *Ao amparo do establecido no artigo 23 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma de Galicia, que engade unha disposición novena á lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, se contempla a gratuidade da atención educativa a partir da matriculación nas escolas infantís municipais, do segundo fillo ou filla e sucesivos/vas da unidade familiar.*

Estará en vigor mentres se aplique no ámbito autonómico e nas mesmas condicións en que se aplique, salvo que con carácter previo o concello de Bergondo decida expresamente a súa derogación.



Esta gratuidade non se aplicará á taxa pola prestación do servizo de comedor da escola infantil.

Artigo 4. Bonificacións.

4.1.- Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o taxa que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%. Entenderase por familia numerosa as debidamente recoñecidas en virtude da normativa correspondente que aparece o regulamento de réxime interior da escola infantil.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.

c) Cando asistan a EIM (Escola Infantil Municipal), varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20%, sobre os servizos complementarios de comedor

Para aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da declaración do IRPF.

4.2.- Aplicarase a gratuidade da atención educativa a partir da matriculación na escola infantil municipal do segundo fillo/a da unidade familiar e sucesivos.

4.3.- Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 %.

Artigo 5. Devengo.

A obriga de contribuír nace desde o momento en que se preste o citado servizo público.

Artigo 6. Normas de xestión.

O pagamento das tarifas será mensual e deberanse aboar nos primeiros dez días de cada mes.

Salvo o establecido no artigo seguinte, a falta de asistencia da nena/o ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

Artigo 7.- Suspensión temporal da cota

a) Os suxeitos pasivos non terán obriga de pago da cota durante os seguintes períodos:

- O mes de vacacións anual do neno/a

- Cando por calquera motivo diferente ó anterior, o centro permaneza pechado por un período superior a quince días.

En ambos casos a suspensión será de oficio.

b) Os suxeitos pasivos non terán a obriga de aboar a cota correspondente ó servizo de comedor no seguinte suposto:

Cando, con carácter excepcional, por causa debidamente xustificada o/a neno/a deixe de asistir temporalmente ó



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

centro, durante un período superior a 15 días continuados. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ó centro e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación.

Se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota de comedor correspondente a dito mes reducirase nun 50%.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ó servizo de comedor, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días naturais seguintes á data da reincorporación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente ordenanza que modifica a aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 26 de abril de 2012 e publicada no BOP núm 123 de 29 de xuño de 2012.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, tendo eficacia retroactiva desde o 1 de setembro de 2020, sendo de aplicación para o curso escolar 2020-2021 e seguintes, sempre ata a súa modificación ou derogación.”

Segundo. Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderáse definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe

A Alcaldesa . Asdo.: Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. Alcaldesa indica que se anunciou por parte da Consellería de Política Social que nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia se aplicaríase esta bonificación no segundo fillo a partir do mes de marzo-abril. Para poder aplicar esta bonificación ás familias que teñan o seu segundo fillo na escola infantil municipal de Bergondo temos que facer unha modificación da ordenanza municipal, adaptándoa ás tarifas que xa ten publicada a Xunta para as súas propias escolas. Incrementáanse as contías nunha pequena cantidade. Prevedemos e confiamos en que a Xunta de Galicia financie esas bonificacións e matrículas que deixa de percibir o noso concello.

O Sr. Voceiro do PP di que adecuarse a ese tipo de prestacións que nos vai dar a Xunta de Galicia sempre é



bo.

O Sr. Voceiro de grupo mixto di que non é o mellor momento para facer subas de tarifas pero é maior a contrapartida que se vai recibir, e polo tanto o seu voto vai a ser favorable.

O Sr. Voceiro de AV di que non ten nada que alegar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SEXTA DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BERGONDO, PRECISIÓN DE CONDICIÓN DE ORDENACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTES: 2017/X999/000103- 2019/U032/000001

Dáse conta aos/ás asistentes da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de setembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO- *Por acordo do Pleno Municipal do 31 de xaneiro de 2019, procedeuse a aprobación inicial da Modificación puntual do planeamento municipal sexta. Precisión de condicións de ordenación, redactada pola arquitecto dona María Ríos Carballeira, coas puntualizacións indicadas polos servizos técnicos adscritos ao Departamento de Urbanismo do Concello de Bergondo*

SEGUNDO.- *O expediente estivo exposto ao público no Concello de Bergondo, durante o período comprendido entre o día 09.03.2019 (DOG nº 47 do 7 de marzo de 2019, e anuncio na Voz de Galicia do 8 de marzo de 2019) ata o 9 de maio de 2019, ambos incluídos, constando a presentación de 6 alegacións.*

TERCEIRO.- *O 22.02.2019 consta informe xurídico sobre a normativa xurídica de aplicación en orde a solicitude dos informes sectoriais previos a aprobación provisional, e informe dos servizos técnicos municipais indicando os informes a solicitar de data 25.02.2019 e informe conxunto técnico –xurídico do 27.02.2019*

CUARTO.- *Recibíronse todos os informes sectoriais, indicados nos informes dos técnicos do departamento de urbanismo:*

1- Informe da Delegación de Goberno, consonte a Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos;



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

artigo 5 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural

Recíbese o 14.05.2019 RX entrada núm. 201990000000598 informe da Subdelegación do Goberno en Galicia. Area de Fomento, favorable.

O 17.09.2019, R X entrada núm. 201990000000975, ten entrada informe do Ministerio para a transición ecolóxica, Dirección Xeral de Política e Minas, emitido ao amparo da Lei 24/2013 de 26 de decembro do Sector eléctrico, lei 13/2003 de 23 de maio reguladora del contrato de concesión de obras públicas e artigo 59 da Lei 34/1988 do 7 de outubro do sector de hidrocarburos, favorable

O 29.05.2019 RX entrada núm. 201990000000642, recíbese informe do Ministerio de Fomento, Secretaria Xeral de Transporte, Dirección Xeral de aviación civil, emitido en senso favorable,

2.-Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo., consonte o artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións (actual Ministerio de Economía e Empresa). Recíbese o 08.07.2019, RX entrada núm. 201990000003307, favorable os efectos dos artigos 34 e 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións

3.- Informe da Deputación Provincial. Consonte o artigo 23.2 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, de medidas fiscais e administrativa. Recíbese o 04.06.2019 (R X entrada núm. 01990000000666) favorable.

4.- Efectuouse a preceptiva comunicación a Delegación Especial de Economía e Facenda os efectos do artigo 189 da Lei 33/2003 de Patrimonio das administracións publicas dada a existencia no termo municipal do CPAP (RX saída do 07.03.2019 núm. 201990000000188).

5.- O 29.03.2019,8 RXE num. 1108, ten entrada informe do Ministerio de Defensa, Secretaria de Estado. D X de infraestruturas, emitindo informe favorable

6.-O 06.05.2019 (RX entrada núm. 201990000001563), recibíse informe de ADIF, de data 2 de maio de 2019, remitido en relación a modificación puntual sétima, pero que tamén fai referencia a modificación puntual sexta, favorable. Este informe non foi solicitado polo Concello.

7.-O 15.03.2019 RX Saída núm. 201990000000230, remítese o expediente completo, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio ambiente territorio e vivenda , aos efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016.

*O 21.08.2019, RX entrada núm. 2019900000003769 ten entrada informe da Directora Xeral de Ordenación **do Territorio**, do tramite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, ao cal acompaña os informes sectoriais emitidos e o resultado do trámite de audiencia (Expediente PTU-AC-2016/165). No citado informe, recollese de xeito expreso, que non consta a emisión dos informes solicitados a Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Augas de Galicia, cuxos prazos de emisión, consonte o artigo 60.7 da LSG rematan o 29.06.2019 e 01.07.2019, e **que en consecuencia, enténdense emitidos en senso favorable.***

Remítense os seguintes :



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Informe da A.X.I, do 24.05.2019, emitido en senso **desfavorable**. Efectuadas correccións no texto, o 18.06.2020 (RX saída 401) remitiuse o texto modificado para novo informe. O 19.08.2020, (RXE núm.. 641) ten entrada neste Concello, informe **favorable** da AXI ao texto presentado.

Informe da Subdirección Xeral de Planificación e protección Civil, do 02.04.2019. Emitido en senso favorable,

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do 13.06.2019 favorable

Informe da sección de minas da Xefatura Territorial da Conselleira de Economía, Emprego e Industria do 13.06.09, favorable,

Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 10.07.2019, favorable.

8.- O 26.02.2020, a Delegación territorial da Consellería de Medio Ambiente, ordenación do territorio e Urbanismo, no tramite do artigo 60.7 da Lei 2/2016, remite informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, extemporáneo.

9.-Remítese o resultado da audiencia ós Concellos limítrofes Recibíronse respostas dos concellos de Abegondo, Cambre e Paderne

QUINTO.- En el período de información pública, segundo informe do auxiliar do rexistro , de data 27.08.2019, constan presentadas as seguintes alegacións

- 1.-RXE núm. 201900000001294 15/04/2019 Manuel Carabel Balsa
- 2.-RXE núm. 201900000001557 06/05/2019 Mercedes Vilamarín Fraguío
- 3.-RXE núm. 201990000000563 06/05/2019 Jorge Fernández de Aroz García-Lubén, en representación da mercantil Inversiones Zoara SL
- 4.-RXE núm. 201999900000705 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo, que se representa por Jose Antonio Seoane Ares
- 5.-RXE núm. 201999900000706 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo
- 6.-RXE núm. 201999900000747 08/05/2019 Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL.

SEXTO.- O 05.12.2019, emitíu informe o arquitecto municipal sobre as alegacións presentadas, cuxo extracto se reproduce :

“INFORME :

As alegacións efectuadas e que se me entregan son:

Nº RXE	DATA	NOME
201900000001294	15/04/2019	Manuel Carabel Balsa
12019000000155706/05/2019	9	Mercedes Villamarín Fraguío
201990000000563	06/05/2019	Jorge Fernández de Aroz García-Lubén
201990000000705	29/04/2019	Comunidad Propietarios Polig. Bergondo
201990000000706	29/04/2019	Comunidad Propietarios Polig. Bergondo



Por lo que se procede a informar cada unha de xeito individual.

Alegación Nro.20190000001294 do 15/04/2019 feita por Manuel Carabel Balsa

Basicamente alega, dous modificacións o texto aprobados

1.- que no artigo 19 da modificación para os edificios fora de ordenación – non adaptados a planeamento - permite, “a reestruturación del 100% para la implantación de los usos permitidos, así como las obras y cambios de uso que se ajusten a la ordenanza que resulte de aplicación.”

O modificarse tamén o artigo 128 das N.S.P., no art. 17 da M.P. , se redefinen os usos permitidos en zona industrial, por remisión, a os indicados no artigo 113 do D183/2018, do 26 de xullo, Plan Básico Autonómico, o cal, regula estes usos permitidos coma

Usos principais: el industrial y el terciario

Usos complementarios. compatibles o alternativos: Residencial unifamiliar, únicamente para guarda y custodia de las actividades industriales o terciarias dentro de la propia parcela; Comercial de categoría 2 da; Oficinas; Recreativo; Hotelero; Servicios urbanos; Espacios libres: Cultural; Deportivo: Administrativo-institucional; y Servicios públicos de categoría 2'(protección civil, seguridad ciudadana, plazas de abastos y otros análogos).

Usos prohibidos: Los restantes usos y categorías.

Efectivamente o uso sanitario - asistencial no estaría contemplados neste tipo de edificios, o contrario que os usos permitidos nos solos industriais a desenrolar con plans parciais

Outro razón que alega para a incorporación deste uso e que estes edificios están rodeados de edificacións co uso principal residencial, con un déficit importante de equipamentos de este tipo, e poboación moi envellecida. Polo que solicita que para este tipo de edificacións, amparadas en licenza municipal (neste caso do ano 1979), previas a actual normativa urbanística, se incorpore unha relación de usos permitidos, que incluía o uso dotacional de equipamento sanitario – asistencial

2.- Tamén solicita que se modifique altura máxima permitida en la ordenanza de solo urbano industrial regulado no artigo 128 das NSPM, aumentando das actuais B+1 < 8 m , a B+3 < 14m, e mantendo que se poderá admitir excepcionalmente maiores alturas como consecuencia de razóns técnicas derivadas do uso industrial nun 20% da superficie da factoría

Resposta :

*Este técnico considera lóxico e interesante a inclusión do uso dotacional de equipamento sanitario – asistencial, público ou privado, entre os permitidos para edificacións non adaptadas o planeamento, polo que se informa favorablemente este apartado, incluso a posibilidade de admitir excepcionalmente maiores alturas como consecuencia de razóns técnicas derivadas do uso permitido (instalacións singulares, etc...) nun máximo 20% da superficie da factoría (en parte xa recollido), sempre que iste aumento respete as alineacións, retranqueos e altura máxima permitida, polo que se informa **favorablemente oa apartado primeiro da alegación solicitada***



*Non obstante o incremento de altura solicitada, en dúas prantas e 6 m, supón un substancial incremento de aproveitamento urbanístico e do volume actualmente permitido, e parece que supera o alcance dunha modificación puntual deste tipo, con avaliación ambiental estratéxica simplificada, entendendo iste técnico que debe ser o novo PXOM en redacción, o que estude en profundidade estas zonas, e poda rediseñar, en base a unha nova organización territorial e novos criterios, a oportunidade de estes incrementos de volume ou non, polo que se informa **negativamente o apartado segundo da alegación solicitada***

Alegación Nro. 12019000001557 do 06/05/2019 feita por Mercedes Villamarín Fraguío

A alegación solicita que

- 1.- Dada la singularidad de la edificación sita en Brea 32 A (Guísamo) en el que las edificaciones colindantes presentan buhardillas,-mansardas y elementos vivideros salientes en cubierta se solicita para esta zona la posibilidad de construcción de buhardillas ó mansardas*
- 2.- Sin modificar el aprovechamiento urbanístico aumentar la altura máxima de edificación de 10.00 m a 10.50 que permite adaptarse mejor a la ganancia de espesores de forjados,aislantes acústicos, etc*
- 3.- Respecto a la definición de altura sobre rasante en semisótanos, aumentar la altura de 1.00 sobre la acera medido en su punto medio, a **1.40m***

A alegación se refire a unha edificación existente no ámbito da ordenanza N° 2 de edificación intensiva, vivenda plurifamiliar (colectiva) alineada a vial, (neste caso N-VI) na que a xunta de goberno local do 01.07.2004 lle outorga unha licenza para a construción de edificación residencial colectiva (plurifamiliar) composta de ss+b+2+ebc

Este edificio constrúese sen adaptarse o proxecto base da licenza e condicións das mesmas, superando os parámetros de altura máxima e rasantes da normativa urbanística de aplicación.

O apartado 1º da solicitude solicita permitir construción de elementos que sobresaian do plano de cuberta, tales coma , buhardas , mansardas, o cal supón variar a estética da fachada principal da N-VI de Guísamo, non aconsellable cunha modificación menor con procedemento medioambiental simplificado, o supoñer unha variación significativa da fachada urbana de Guísamo, polo que este técnico informa **NEGATIVAMENTE ISTA SOLICITUDE**, debendo deixarse para un proceso de deseño xeral do núcleo como é o do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en Redacción.

O apartado 2º refírese a modificación que se tramita e aumenta a altura da normativa actual de B+2= 9 m, ata os B+2 =10 m, co fin de adaptarse as medidas mínimas, de altura libre de forxados interiores de vivendas, esixibles polo Decreto 29/2010, de 4 de marzo, Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.NHV2010

Iste apartado solicita a posibilidade de aumentar máis a altura máxima proposta, da modificación puntual exposta, de 10 m de altura de cornixa dende a rasante da beirarrúa, ata os 10,50 m. Temos que ter en conta que a redacción proposta vai na mesma redacción qu eas normativas actuais, incluso o recente, Decreto 83/2018, Plan Básico Autonómico, que no seu artigo 42 ou 86, no caso dunha altura máxima de: baixo + 2 plantas + baixo cubierta establece en dez metros, a altura máxima a cornisa.

Polo que ista alegación que solicita un aumento ata os 10,50 m, non parece correcta, tendo en conta que a normativa debe ser xeral, non para resolver un caso singular, e afectar a toda a línea de edificación da N-VI de Guísamo, e repito que se plantexa unha modificación menor con procedemento medioambiental



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

simplificado, polo que este técnico informa **NEGATIVAMENTE** ISTA SOLICITUDE, debendo deixarse para un proceso de deseño xeral do núcleo como é o do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en Redacción. Outro elemento solicitado, é considerar e a solicitude de modifica-lo artigo 96.2 das NSPM,

2. En el caso de sobresalir más de 1 m. sobre el nivel definitivo del suelo exterior, tendrá entoda esa parte la consideración de planta baja

Solicita que se aumente de 1 a 1,40 m a posibilidade de sobresaír da rasante oficial. Temos, que ter en conta que esta posibilidade non se contemplou nunca na modificación puntual en, tramitación, e suporía alterar o criterio xeral das normativas actuais, incluso do Decreto, 83/2018, Plan Básico Autonómico, (artigo 42). Ademais tería influencia na accesibilidade do, edificio, e no número de plantas, xa que o superar esa altura pasaría a considerarse unha, pranta máis, coas repercusións nas pendentes de acceso e instalación de ascensores. Polo, que non parece lóxico, nunha modificación menor con procedemento medioambiental, simplificado, integrar estas modificacións que poden alterar o volume e aproveitamento construído, en toda a fachada da N-VI de Guísamo polo que tamén se informa **NEGATIVAMENTE** ISTA SOLICITUDE, debendo deixarse, no caso de considerarse oportuno, para un proceso de deseño xeral do núcleo como é o do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en Redacción.

Alegación Nro. 20199000000563 do 06/05/2019 feita por Jorge Fernández de Araoz García-Lubén

A alegación solicita:

1.- Suprimir a clasificación da finca denominada Pazo de Aldao, en Fiobre, coma finca singular, clasificándola coma solo de núcleo rural común.

2.- Suprimir a su vez la protección de la edificación (Pazo de Aldao) y. en consecuencia, que se proceda a su catalogación como bien protegido

Si temos en conta as dimensións da finca sita en Fiobre nro11 000400800NH69E0001QJ de 45.127 m², a 15008A041003920000XB de 17.268 m² e a 15008A041003930000XY de 17.739 m², en total uns 80.134 m², parece excesivo que nunha modificación menor con procedemento medioambiental simplificado, poda asumir tal grado de alteración territorial, sen sequera avaliar o impacto paisaxístico producido, nun terreo elevado, visualmente moi significado na ría de Betanzos, e nunha costa da rede Natura 2000. Temos que ter en conta que estamos nun entorno moi protexido, debendo deixarse, no caso de considerarse oportuno, para un proceso de deseño xeral da estrutura do territorio coma é o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en Redacción, cunha avilación ambiental estratéxica ordinaria.

En canto a posibilidade de descatalogar unha edificación do ano 1955 (aproximadamente, xa que non se atopa a licenza de construción orixinal), tamén entendo que debe estudarse máis en profundidade, máxime cando temos que ter en conta, que foi incluído entre os elemento sprotexidos do D 83/2018, Plan Básico Autonómico, entendendo que debe deixarse, no caso de considerarse oportuno, para un proceso de deseño xeral coma é o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en Redacción

Polo que se informa **NEGATIVAMENTE** a alegación presentada, por considerar que excede do ámbito desta modificación, digamos de pouco alcance, con procedemento medioambiental simplificado,

Alegación Nro. 20199000000747 feita por Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL

13 (38)

PLENO 24-09-2020

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen. (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público)



Na alegación presentada, consideran que pode ser melloradas a redacción de varios artigos das actuais NSPM e da modificación proposta coma son:

A) Na proposta de regulación do solo urbano, "zona residencial extensiva- vivienda unifamiliar", respecto a regulación no artigo 105 do uso terciario - comercial como uso compatible o complementario, sen limitación algunha das súas características ou limitación de superficie, toda vez que considera que os estudos detallados da incidencia que presenten no ámbito no que se implantan, da integración ambiental, paisaxística, etc., no son suficientes para evitar el impacto de estas actividades no seu entorno, máxime cando se proxecten en áreas de vivenda unifamiliar, instalacións comerciais de dimensións importantes.

Consideran que poden xerar certa inseguridade xurídica, **propondo** que debe limitar sea instalacións que a que a sala de ventas sea inferior a 500 metros cadrados; Deixando para as de maior superficie que se proxecten en edificio independente, un da modificación das NNSS en las que se califique unha específica parcela para tal fin, garantindo de esta forma una correcta integración no entorno e na ordenación urbanística vivente e na que está sendo proxectada no novo PXOM que se atopa en elaboración

A redacción do artigo 105 proposta é

Art. 105.- "Este tipo de ordenación permite como uso mayoritario, en cada parcela individual, el de vivienda unifamiliar en sus diversos tipos. Serán usos compatibles o complementarios, aquellos definidos en el artículo 20 bis de las presentes normas ,englobados en los usos terciarios, excepto aquellos usos terciario - comercial en los que la sala de ventas sea superior a 500 metros cuadrados, y aquellas actividades que no garanticen el adecuado aislamiento de ruidos o accesibilidad. (...)

B) No que se refire a "zona residencial intensiva - vivenda colectiva", o artigo 118 da normativa vixente admite os usos residenciais e os comerciais, terciarios, equipamentos e talleres compatibles con vivenda na planta baixa se propón que se permita o uso terciario-comercial en planta baixa de edificio residencial, pero que non se autorice a súa implantación en edificio exclusivo o que se comparta con outros usos terciarios

A concreta redacción que se propón e a seguinte:

Art. 118.- "Se admiten los usos residenciales colectivos y unifamiliares en todas las plantas, asi como los usos definidos en el artículo 20 bis de las presentes normas, englobados en los usos terciario y equipamiento, excepto aquellos usos terciario -comercial que se proyecten en edificio exclusivo, y aquellas actividades que no garanticen el adecuado aislamiento de ruidos, acceso adecuado, o suficiencia de aparcamiento de vehiculos rodados"

En relación coa proposta presentada, se considera, razoable os efectos técnicos, polo que se informa favorablemente a incorporación das precisións indicadas nas redaccións dos artigos 105 e 118 das NSPM.

Alegación Nro.20199000000705 do 29/04/2019 feita pola Comunidade de propietarios del Polígono de Bergondo, representado por D. José Antonio Seoane Ares

A estes efectos existe un informe emitido polo arquitecto técnico municipal, o cal subcribo, incluíndo a proposta de modificación do artigo 56 " Instalacións de protección contra o fogo" das Ordenanzas Reguladoras do Polígono Industrial de Bergondo contidas no Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial-comercial de Bergondo" que di

Polo anterior proponse que o artigo 56) " Instalacións de protección contra o fogo" das Ordenanzas Reguladoras do Polígono Industrial de Bergondo, conte coa seguinte redacción

Artigo 56) " Instalacións de protección contra o fogo"

1 .- Será obrigatoria que as naves dispoñan dunha acometida de auga contra incendios independente da acometida de abastecemento que conte, coma mínimo, coas seguintes características:



- Toma da rede xeral con chave de paso e corte.
- A condución será coma mínimo de 70 mm de diámetro interior e capaz de soporta runha presión de 16 atmosferas.

En todo caso se cumprirá o previsto no Anexo I, Sección 1, apartado 2 " Sistemas de abastecemento de auga contra incendios" do Real Decreto 513/2017, de 22 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios", ou normativa que a substitúa.

2 .- As medidas de protección activa contra incendios en materia de detección, alarma e extinción se establecerán de acordo co previsto no " R.D. 2267/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Reglamento de protección contra incendios en los establecimientos industriales" e o " Real Decreto 513/2017, de 22 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios" ou normativa que a substitúa

Alegación Nro. 20199000000706 do 29/04/2019 feita pola Comunidade de propietarios del Polígono de Bergondo, representado por D. José Antonio Seoane Ares

No escrito se solicita que "se estudie por parte do concello las posibles vías de solución pública de la falta de presión exigida por ley en las instalaciones contra incendios de las parcelas A1 -A6 e B1 a B6 del Polígono de Bergondo"

por parte de este técnico, se entende que é un caso moi puntual, que esixe un estudio técnico individualizado de obras ou urbanización, que non pode ampararse dentro dunha modificación puntual da normativa municipal, que debe aportar criterios xerais, e polo tanto non procede estimala.

Non obstante coa nova redacción proposta do artigo 56 das Ordenanzas Reguladoras do Polígono Industrial de Bergondo, "Instalacións de protección contra o fogo" informada no apartado anterior pode variar esta esixencia.

Polo que se informe negativamente o ser un problema técnico puntual, a estudar por un proxecto de obras ordinarias(...)

(..) CONCLUSIÓN

En base o informe anterior, este técnico entende que deben estimarse as seguintes alegacións

Estimar o apartado primeiro da alegación número 20190000001294 do 15/04/2019, feita por D. Manuel Carabel Balsa, polo que os usos do artigo 128 das NSM quedaría redactado daseguite forma
CAPITULO 8. Zona de industria.

Art.128. Definición y objetivos.

Comprende aquelas piezas de suelo urbano dedicadas a ésta actividad y que las N.S.M., mantienen en su uso al ser compatibles con viviendas.Se admiten como usos los siguientes

Usos principales: **el industrial y el terciario** comercial y oficinas

Usos **complementarios**. compatibles o alternativos:

- Residencial unifamiliar, únicamente para guarda y custodia de las actividades industriales o terciarias dentro de la propia parcela.

- Recreativo.

- Hotelero.

- Dotacional público o privado: Servicios urbanos, Sanitario-asistencial, Cultural; Deportivo:Administrativo-institucional e Servicios públicos (protección civil, seguridad ciudadana, plazas de abastos y otros análogos)

Usos **prohibidos**: Los restantes usos y categorías



Estimar a alegación Nro. 20199000000747 feita por Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL, polo que o artigo 105 “usos permitidos e compatibles” do CAPITULO 3.Zona residencial extensiva. Vivienda unifamiliar, quedaría redactado da seguinte forma:

*“Este tipo de ordenación permite como uso mayoritario, en cada parcela individual, el de vivienda unifamiliar en sus diversos tipos. Serán usos compatibles o complementarios, aquellos definidos en el artículo 20 bis de las presentes normas, englobados en los usos terciarios, **excepto aquellos usos terciario - comercial en los que la sala de ventas sea superior a 500 metros cuadrados** y aquellas actividades que non garantizan el aislamiento de ruidos o accesibilidad. Así mismo, se consideran permitidos o compatibles todos los dotacionais, en especial de equipamientos de carácter público o privado*

Los planes y proyectos que desarrollen la incorporación del uso terciario y dotacional de equipamientos, deberán aportar un estudio detallado da incidencia en el ámbito en el que se insertan, de la movilidad, integración ambiental y paisajista y aumento de emisiones y producción de residuos, garantizando que su incorporación es compatible y que cuenta con las medidas correctoras necesarias derivadas de su implantación.”

e o Artigo 118. “Condicions de uso” do CAPITULO 4. Zona residencial intensiva. Vivienda Plurifamiliar, quedaría redactado da seguinte forma

*“Se admiten los usos residenciales colectivos y unifamiliares en todas las plantas, así como los usos definidos en el artículo 20 bis de las presentes normas, englobados nos usos terciario e equipamientos, excepto **aquellos usos terciario - comercial que se proyecten en edificio exclusivo** y aquellas actividades que non garantizan el adecuado aislamiento de ruidos, acceso adecuado, o suficiencia de aparcamiento de vehículos rodados.*

Se admiten igualmente, os usos de almacén, talleres e actividades artesanales. Así mismo, se consideran permitidos o compatibles, aquellos equipamientos, ya sean de carácter público o privado.”

Estimar a alegación Nro.20199000000705 do 29/04/2019 feita pola Comunidad de propietarios del Polígono de Bergondo, representado por D. José Antonio Seoane Ares, polo que o artigo 56) “ Instalacións de protección contra o fogo” das Ordenanzas Reguladoras do Polígono Industrial de Bergondo, quedaría coa seguinte redacción.

Artigo 56) “ Instalacións de protección contra o fogo”

1.- Será obrigatoria que as naves dispoñan dunha acometida de auga contra incendios independente da acometida de abastecemento que conte, coma mínimo, coas seguintes características:

- Toma da rede xeral con chave de paso e corte.

- A conducción será coma mínimo de 70 mm de diámetro interior e capaz de soportar unha presión de 16 atmosferas.

En todo caso se cumprirá o previsto no Anexo I, Sección 1, apartado 2 “ Sistemas de abastecemento de auga contra incendios” do Real Decreto 513/2017, de 22 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios”, ou normativa que a substitúa

2.- As medidas de protección activa contra incendios en materia de detección, alarma e extinción se establecerán de acordo co previsto no “ R.D. 2267/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Reglamento de protección contra incendios en los establecimientos industriales” e o “ Real Decreto 513/2017, de 22 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios” ou normativa que a substitúa(...)

O que informo os efectos oportunos, según o meu leal saber e entender, salvo informe mellor fundado, Bergondo, na data que figura o marxe



O ARQUITECTO MUNICIPAL, Asdo: Roberto M. Chao Gavián”

SEXTO.-O 12.06.2020 (Rx entrada num 1196) a arquitecta redactora dona María Ríos Carballeira, achega a seguinte documentación técnica :

- Modificación Puntual sexta das NSP. Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Documento para aprobación provisional. Maio 2020. Paxinas 1 a 21

-Modificación Puntual sexta das NSP, Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Informe relativo ao período de información pública. Maio 2020. Paxinas 1 a 15.

No citado documento, no seu apartado 3.3 recolle en relación coas alegacións o seguinte:

“... 3.3. ALEGACIONES DE ENTIDADES E PARTICULARES

A-01. Manuel Carabel Balsa

En representación de Rías de Bergondo S.A. fai chegar unha alegación en data 18/04/2019 na que expresa dúas propostas de modificación do articulado da mp, que son as seguintes:

1. Os usos permitidos e compatibles en solo urbano industrial, están referidos aos establecidos no Plan Básico Autonómico para este clase de solos, entre os que non se atopa o uso dotacional sanitario-asistencial. Porén no artigo 18 que modifica o artigo

131 no que se establecen as condicións para a redacción de Plans Parciais, os usos dotacionais e equipamentos e usos terciarios, están incluídos como usos permitidos. Polo que a persoa alegante solicita que se rectifique a MPNSP sexta no artigo 17 substituíndo a referencia aos usos permitidos en solo urbano consolidado industrial, e se incorpore unha relación de usos permitidos, entre os que se inclúa o uso xenérico dotacional sanitario-asistencial ou se especifique o uso xeriátrico.

2. Así mesmo fai unha segunda proposta na que solicita que se inclúa na MPNSP sexta un novo articulo modificando as condicións urbanísticas da zona industrial establecida no capítulo 8 das NSP no artigo 129, para incrementar o número máximo de plantas a baixo + 3 plantas, mantendo que se poderá admitir excepcionalmente maiores alturas como consecuencia de razóns técnicas derivadas do uso industrial nun 20% da superficie da factoría e modificando a altura máxima a 14m, medido dende o centro da fachada.

Valoración da alegación:

a. En canto aos argumentos esgrimidos na primeira parte da alegación, considérase que:

1. Os solos urbanizables industriais que se poidan desenvolver no Concello de Bergondo ao abeiro da das NSP vixentes e da vixente MP, poderán incluír o uso dotacional sanitario-asistencial.
2. No borrador de Plan Xeral en redacción no Concello de Bergondo, os terreos propiedade da persoa alegante aos que fai referencia na presente alegación, proponse a súa clasificación como solo urbano residencial, onde o uso dotacional sanitario-asistencial, está permitido.
3. Polo anterior enténdense que dende a estratexia urbanística proposta polo Concello de Bergondo, o uso dotacional sanitario-asistencial, está permitido nos terreos obxecto da alegación, está xustificada, polo que se **estima** a alegación, e se fan as modificacións pertinentes no artigo 17. Nova redacción do Artigo 128 das NSP, para que inclúa os usos

17 (38)

PLENO 24-09-2020



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

principais e complementarios que se recollen para os solos urbanizables industriais.

b. En canto á segunda demanda cabe lembrar que:

A presente MP, ten por obxecto realizar os cambios pertinentes das Normas Subsidiarias de Planeamento para precisar, definir e igualar criterios que actualmente inciden nunha normal xestión cotián do planeamento vixente, impedindo ou dificultando a aplicación de determinados artigos do plan.

Trátase de modificar unha serie de artigos de xeito que non existan inconcrecións entre as diversas ordenanzas de solo urbano, urbanizable e núcleo rural, igualando criterios para a medición de alturas, para a definición das vivendas tradicionais do concello e de vivendas fora de ordenación, adaptándoos á lexislación actual vixente. Ao abeiro do anterior e da propia natureza da MP non pode modificar as condicións particulares de ordenación nunha parcela determinada.

Conclusión:*En base ao exposto anteriormente propónse **ESTIMAR** a primeira alegación modificando coherentemente a redacción do artigo 17 que modifica o artigo 128 das NSP e **DESESTIMAR** a segunda proposta, polos motivos anteriormente descritos.*

A-02. Jose Antonio Seoane Ares

Solicita que se modifique o artigo 56 das NSP do Concello de Bergondo, para que sexa de aplicación o R.D. 226/2004 do 3 de decembro polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, ou normativa que o substitúa.

Valoración da alegación:

A solicitude da presente alegación, si ben enténdense como dentro da mellora da seguridade xurídica da normativa urbanística municipal, polo seu carácter particular e por entenderse a mesma como unha modificación substancial desta Modificación de Normas, non é obxecto da presente Modificación Puntual de Normas, e debe en todo caso vehicularse por medio doutro instrumento.

Conclusión:

*En base ao exposto anteriormente propónse **DESESTIMAR** a alegación presentada.*

A-04. Mercedes Villamarín Fraguío

En data 06/05/2019 en nome propio, solicita tres cambios na edificación residencial, (non define con exactitude os artigos aos que fai referencia, ou si é unha solicitude para un ámbito determinado),

- 1. Que se introduza na normativa da presente modificación a posibilidade de realizar bufardas ou mansardas.*
- 2. Que sen modificar ao aproveitamento urbanístico, aumentar a altura máxima das edificacións de 10m a 10,5 m. co gallo de poder realizar melloras na calidade da edificación.*
- 3. Respecto á definición da altura sobre rasante de semisotos, aumentar a altura de 1m sobre a beirarrúa a 1.40m.*

Valoración da alegación:

- 1. A introdución de novos criterios estéticos e que poden derivar, mesmo, na variación do aproveitamento urbanístico non se considera obxecto da presente modificación.*
- 2. A adaptación á normativa vixente e posibilitar a mellora das condicións da edificación e da*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

eficiencia enerxética, enténdese dentro do obxecto da presente modificación, polo que se recoñece a pertinencia de aumentar a altura máxima da edificación.

3. No anexo I definicións, do **DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**. Defínese o semisoto do seguinte xeito:

respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación, ou polo esgotamento da súa capacidade."

"Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos."

Así mesmo, segundo o punto 5 do mesmo artigo, as modificacións de calquera dos elementos dos plans, suxeitaranse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Tal e como consta no artigo 83.1 da LSG, as modificacións do planeamento urbanístico deberán fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

Dada a natureza da presente modificación, que non modifica criterios de ordenación definidos nas actuais normas subsidiarias de planeamento, non se estima oportuna a valoración de distintas alternativas de desenvolvemento.

- Semisoto: planta da edificación situada por debaixo da planta baixa, na cal a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o seu teito ata o nivel de rasante é igual ou inferior a 1 metro en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o seu uso sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio.

Cando a dita distancia exceda 1 metro, considerarase planta baixa.

Polo que a presente modificación puntual non pode contradicir as determinacións do Regulamento do LSG.

Conclusión:

En base ao exposto anteriormente propónse **DESESTIMAR** as alegacións realizadas nos puntos 1 e 3 e **ESTIMAR** a argumento exposto no punto 2 do escrito presentado e polo tanto cambiar a redacción do artigo 95, criterios de medición de alturas, o artigo 117 das NSP e o artigo 110 que sei ben non fai referencia expresa na súa alegación, a aplicación da consecuencia lóxica da revisión da medición de alturas e dos criterios establecidos para as edificacións de carácter residencial de baixo e dúas alturas, fai necesaria a súa modificación.

A-05. Jorge Fernández de Araoz

En data 06/05/2019, fai achega en representación de Inversiones Zoara SL, da seguinte alegación que consta de dous puntos:

1. Suprimir a clasificación da finca denominada Pazo de Aldao, en Fiobre, como finca singular, e clasificándoa como núcleo rural común.
2. A baixa no catálogo de bens culturais protexidos o Pazo de Aldao.

Valoración da alegación:

1. En referencia ao primeiro punto da alegación, considérase dente esta oficina técnica que o



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

artigo 135, fai referencia ao recoñecemento gráfico nos planos de clasificación no solo E:1/5.000 e nos diferentes núcleos E:1/2.000, polo que na redacción das NSP quedan determinados aqueles terreos cualificados como fincas singulares, polo que non incorre en imprecisións, falta de definición ou diferenza de criterios en diferentes partes da Normativa, quedando deste xeito, a alegación presentada fora do alcance da presente modificación puntual, como ocorre tamén coa revisión do catálogo de bens.

Así mesmo o artigo 135 non só esgrime criterios de calidade arquitectónica ou valor histórico - cultural, senón que inclúe tamén "polas súas características, historia, uso actual, **implantación na zona**".

Pola que o cambio de cualificación incidiría nunha maior capacidade residencial do planeamento así como nun cambio na estrutura do territorio, obxecto este, que non corresponde co da presente modificación.

2. En canto á segunda cuestión, reiterar que non está no obxecto da presente modificación puntual a revisión do catálogo de bens culturais.

Conclusión:

En base ao exposto anteriormente propónse **DESESTIMAR** a proposta.

A-06. Beatriz Ares Castro.

En representación de Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL, realiza unha alegación en data 08/05/2019, na que solicita modificar e axustar as condicións dos usos terciarios-comerciais nas zonas residenciais extensiva-vivenda unifamiliar modificando o artigo 105, e na zona residencial intensiva - vivenda colectiva, modificando o artigo 118.

Valoración da alegación:

Considérase que as alegacións presentadas teñen unha intención de salvagarda da paisaxe urbana e da calidade ambiental e arquitectónica do conxunto, polo que se estuda a posibilidade da modificación do articulado proposto, no caso do solo do artigo 105, usos permitidos e compatibles en zona residencial extensiva. Vivenda unifamiliar, parece convinte limitar a superficie da sala de vendas, a 500 m² de xeito que non altere en gran medida o volume das edificacións da zona porén cabe lembrar que as novas edificacións deberán respectar as condicións de edificación da zona, e aquelas actividades que requiran unha superficie maior deban situarse nos solos destinados a actividades comerciais. Porén non se considera, igualmente necesaria a proposta de modificación do artigo 118 Condicións de uso, na zona Residencial intensiva. Vivenda plurifamiliar, de limitar certas actividades en edificio exclusivo xa que as os usos e actividades permitidas son compatibles co uso residencial e moitas delas son actividades que se poden realizar, e se realizan de xeito habitual en diferentes plantas; así mesmo as condicións da edificación son as propias definidas para a zona na que se integren.

Conclusión:

Propónse en base ao anterior **ESTIMAR en parte** a presente alegación e engadir a proposta de redacción para o artigo 105 das NSP.(...)"

SÉTIMO. O 28.08.2020 (RXE núm. 202099900001909) a arquitecta redactora, dona María Ríos Carballeira, achega nova documentación por mor dos informes sectoriais, e indicando que se adapta as normas técnicas de planeamento:

- **Modificación Puntual sexta das NSP. Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación.**



Documento para aprobación provisional. Maio 2020. Paxinas 1 a 27

-Modificación Puntual sexta das NSP, Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Informe relativo ao período de información pública. Agosto 2020. Paxinas 1 a 15.

OITAVO- *Posteriormente en data 10.09.2020, o arquitecto municipal emite novo informe, á vista do emitido pola redactora da modificación puntual, e á vista de tódolos informes sectoriais emitidos, no que muda o criterio con respecto a algúns aspectos das alegacións presentadas, establecendo:*

“(...) Respecto as alegacións de particulares, se informa o seguinte

Alegación A-01. Manuel Carabel Balsa representando a Rias e Bergondo SA do 18.04.2020, *se estima a parte 1ª relativa a precisar individualmente os permitidos e compatibles no solo urbano industrial, artigo 128, desestimando a segunda opción que solicita elevar unha altura a máxima existente.*

Este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dna María Rios Carballeira, pero creo necesario precisar entre as palabras usos complementario e compatible os usos indicados no artigo 128 na nova redacción proposta son

Uso principal: Industriais e almacén

Usos complementarios:

- a) Residencial unicamente aquelas xa existentes.*
- b) Terciario e servizos*
- c) Dotacional de equipamentos, públicos o privados*

este técnico entende maias axeitado da seguinte forma, xa que o usos complementarios son usos permitidos cuxa implantación vén determinada, como demanda do uso principal e nunha proporcionada relación con este

En cambio os usos compatibles son usos permitidos que o planeamento considera que, endeterminada proporción, poden substituír o principal sen que este perda o seu carácter, é dicir, que siga a contar coa maior superficie edificable.

Polo que propón a seguinte redacción para o novo artigo 128

Uso principal: Industriais (Productivo, Almacenaxe e Loxístico)

Usos complementarios: Residencial unicamente aquelas xa existentes.

Usos compatibles:

- a) Terciario e servizos*
- b) Dotacional de equipamentos, públicos o privados*

Alegación A-02. Jose Antonio Seoane Ares de Rias e Bergondo do 18.04.2020

Este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dna María Rios Carballeira.



Alegación A-04. Mercedes Villamarín Fraguío, este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dna María Rios Carballeira, de aceptar os seguintes puntos das alegacións

“2. aumentar a altura máxima das edificacións de 10 m a 10,50 m. co gallo de poder realizar melloras na calidade da edificación”

Desestimando o resto

Alegación A-05. Jorge Fernández de Araoz en representación de Inversiones Zoara SL

Este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dna María Rios Carballeira de desestimar a alegación efectuada.

Alegación A-06. Beatriz Ares Castro. En representación de Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL,

Este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dna María Rios Carballeira de estimar a alegación efectuada, incluíndo na nova redacción do artigo 105, limitando para os usos terciarios a aquelas actividades que requiran na edificación unha sala de ventas inferior aos 500 m².

Polo que este técnico, informa favorable a proposta de “Modificación Puntual Sexta das NSP, Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación, Documento para aprobación provisional MAIO 2020”, coa precisión dos usos indicada para o artigo 128, antes exposta na contestación a alegación A-01, de Manuel Carabel Balsa representando a Rias e Bergondo SA.

O que informo os efectos oportunos, segan o meu leal saber e entender, salvo informe mellor fundado, Bergondo, na data que figura o marxe

O ARQUITECTO MUNICIPAL, Asdo: Roberto M. Chao Gavián”

NOVENO. Con data 10.09.2020, e núm. de rexistro de entrada 202099900002022, a arquitecta redactora presenta a documentación complementaria á achegada o 28.08.2020 e documentación técnica corrixida, que integran o documento de aprobación provisional:

-Modificación Puntual sexta das NSP. Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Documento para aprobación provisional. Maio 2020. Paxinas 1 a 27

DÉCIMO. O 14.09.2020, a vista da nova documentación técnica achegada o arquitecto municipal emite un novo informe:

“Roberto M. Chao Gavián, arquitecto do concello de Bergondo, en relación coa presentación o 01.09.2020 pola arquitecta por María Ríos Carballeira dos documentos, •Modificación Puntual Sexta das NSP, Concello



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

de Bergondo. *Precisión das Condicións de Ordenación. Documento para aprobación provisional. Maio 2020*

arquivo MPNS 06_PrecisionCondicionsOrd_AP-NT_F.pdf entregado ca data 10.09.2020 que substitúe ao entregado en data 28.08.2020 con número externo X004-2020-001928, os efectos da aprobación provisional, logo de recibir todas as autorizacións sectoriais, e responder as alegacións producidas, respecto a proposta de **Modificación Puntual número 6** das N.S.P. do Concello de Bergondo, redactados pola arquitecta por María Ríos Carballeira, en base a os artigos 83.5 Lei2/2016, do Solo de Galicia; LSG, e artigo 200.5 do D143/2016, regulamento da LSG

emite o seguinte **INFORME**:

Coma complemento dos informes emitidos anteriormente e concretamente o 10.09.2020, se informa que esta nova redacción, aparte de incluír a esixencia do cumprimento da legislación sectorial, tal coma se esixe nos informes sectoriais, e que xa indiquei no informe do 10 de setembro

Se engade as precisións indicadas por iste técnico respecto as alegacións de particulares concretamente a **alegación A-01. Manuel Carabel Balsa representando a Rias e Bergondo SA do 18.04.2020**, na parte 1ª relativa a precisar individualmente os permitidos e compatibles no solo urbano industrial, artigo 128, desestimando a segunda opción que solicita elevar unha altura a máxima existente.

os usos indicados no artigo 128 na nova redacción proposta son

Uso principal: Industriais e Almacén

Usos complementarios: a) Residencial unicamente aquelas xa existentes.

Usos compatibles:

a) Terciario e servizos

b) Dotacional de equipamentos, públicos o privados

Este técnico está de acordo co indicado no informe da arquitecta redactora da modificación puntual, Dña María Ríos Carballeira de estimar a alegación efectuada, incluíndo na nova redacción do artigo 128,

Polo que este técnico, informa favorable a proposta de “Modificación Puntual Sexta das NSP, Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación, Documento para aprobación provisional MAIO 2020”

O que informo os efectos oportunos, segan o meu leal saber e entender, salvo informe mellor fundado, Bergondo, na data que figura o marxe.

O ARQUITECTO MUNICIPAL, Asdo: Roberto M. Chao Gavián”

UNDÉCIMO. Consta, informe xurídico do 15.09.2020, en parte referente ás alegacións presentadas, conformado pola secretaria e interventora municipais, cuxo extracto se reproduce de seguido:

“D.- ALEGACIONES PRESENTADAS NO PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA



Durante o prazo de exposición pública, segundo informe efectuado polo auxiliar do rexistro do 27.08.2019, constan presentadas as seguintes alegacións :

- 1.-RXE núm. 201900000001294 15/04/2019 Manuel Carabel Balsa*
- 2.-Rxe núm. 201900000001557 06/05/2019 Mercedes Villamarín Fraguío*
- 3.-RXE núm. 201990000000563 06/05/2019 Jorge Fernández de Araoz García-Lubén, en representación da mercantil Inversiones Zoara SL*
- 4.-RXE núm. 201999900000705 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo, que se representa por Jose Antonio Seoane Ares*
- 5.-RXE núm. 201999900000706 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo*
- 6.-RXE núm. 201999900000747 08/05/2019 Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL*

Análise das alegacións achegadas

1.- Alegación de d. Manuel Carabel Balsa. Se centra sucintamente en manifestar a súa desconformidade cos usos asignados ao solo urbano consolidado industrial, regulados no modificado artigo 128 das NSP (artigo 17 da M.P) o cal fai unha remisión ao Plan Básico Autonómico ou norma que o substitúa en materia de usos permitidos, manifesta que a citada remisión implica non admitir coma uso dotacional ó de equipamento sanitario-asistencial, mentras que no solo urbanizable ou apto para urbanizar, que se desenvolveran mediante plan parcial , si admítese o uso dotacional de equipamentos e o uso terciario. Polo tanto prodúcese unha discrepancia xa que non se admite no solo urbano consolidado de uso industrial e sí nos solos industriais pendentes de desenvolvemento, incidindo no feito de que no borrador do PXOM, considera a parcela de referencia coma solo urbano consolidado residencial admitindo o uso sanitario-asistencial. Solicita a modificación do artigo 17 da MP, incorporando unha relación dos usos permitidos, entre os que se inclúa o uso xenérico dotacional sanitario ou ben se especifique o uso xeriatrico.

Solicita asemade a modificación do artigo 129 das NSP a fin de incrementar o número de prantas a B+3, e a admisión de xeito excepcional de maiores alturas por razóns técnicas derivadas do uso industrial nun 20 % da superficie e a modificación da altura máxima de 8 a 14 metros medido dende o centro das fachadas .

*Entende a informante, que coma ben afirma o alegante, prodúcese unha distorsión, xa que si se recolle coma uso dotacional o de equipamento sanitario-asistencial nos futuros desenvolvementos pero se prohibe o mesmo nos edificios existentes. Dita circunstancia, trae causa na remisión efectuada ao Plan Básico autonómico, proposta polos servizos municipais. Dito uso é aconsellable e non existen razóns xurídicas para non admitilo, polo que debera modificarse o artigo 17 da MP que afecta o **artigo 128 das NSP**, para recoller dito uso dando unha nova redacción ao mesmo.*

No mesmo senso o informe do arquitecto municipal de data 05.12.2019, se ben, no seu posterior informe de data 09.10.2020, dun xeito cando menos tardío, dado o avanzado do expediente, propón unha nova redacción, engadindo o concepto “compatible”, coma así se recolle na última versión da redacción das NSP, que se somete e aprobación provisional

En canto a segunda alegación efectuada, entendo que é exclusivamente de tipo técnico, polo que me remito ao contido do informe do arquitecto municipal por versar sobre unha materia allea ás miñas competencias. Nos informes do arquitecto municipal, emitidos en datas 10.09.2020 e 14.09.2020, desestimase a alegación segunda relativa a elevar a altura máxima, e de xeito correlativo, desestimase no documento sometido a aprobación provisional



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2.- Alegación de dona Mercedes Vilamarín Fraguío, que actúa en nome e representación de LUBORQUI SL, Centrarse na edificación sita no lugar de Brea 32 A de Guísamo, e prantea a construción de mansardas, aumentar a altura máxima e modificar a definición de altura sobre rasante. A informante considera que tratase de cuestións de tipo técnico, que deberan ser resoltas polos servizos técnicos municipais, a cuxo informe me remito. Na redacción definitiva, estímase a alegación efectuada, relativa a aumentar a altura máxima de 10 m a 10,50 m (modificación do artigo 117 das NSP, efectuado no artigo 14 da presente modificación puntual) coa fin de mellorar a calidade da edificación, e desestímase o resto, polas razóns alí expostas

3.- Alegación efectuada por Jorge Fernández de Araoz García-Lubén, en representación da mercantil Inversiones Zoara SL, consistente en solicitar a supresión da finca da súa propiedade coma finca singular, por non cumprir os requisitos contidos no artigo 135 das NSP, así coma o cambio de clasificación do solo a solo de núcleo rural común.

Compre manifestar que o artigo citado non é obxecto de modificación na presente modificación puntual sexta. En canto a supresión da mesma coma finca singular e súa clasificación coma solo de núcleo rural común, será o Plan xeral actualmente en tramitación, o instrumento axeitado para facer valer a súa peticións, dado o carácter da actual modificación, cuxo afán é clarexar e precisar as condicións de ordenación e evitar inconcrecións. No documento sometido a aprobación provisional, desestimase a mesma.

4.- Alegación de D. Jose Antonio Seoane Ares, en representación da Comunidade Propietarios Polig. Bergondo, relativo as instalacións contra o lume. Non pode entrar a informante a valorar a citada alegación por ser de tipo técnico e alleo á súa competencia. Na redacción que se somete a aprobación provisional, desestimase a mesma.

5.-Alegación de D. Jose Antonio Seoane Ares, en representación da Comunidade Propietarios Polig. Bergondo, relativo a presión da auga. Como no caso anterior, dita alegación é de carácter técnico, sendo alleo a competencia da informante.

6.- Alegación de dona Beatriz Ares Castro, que representa a BIENES INMUEBLES CORPORATIVOS 2008 S.L.U., que sucintamente considerada manifesta que deber modificarse a redacción do **artigo 105**, establecendo unha limitación de superficie coa finalidade de non xerar inseguridade xurídica, proponendo una superficie máxima de 500 metros cadrados

Entende a informante que é axeitada dita limitación, e así modifícase o citado artigo engadindo coma excepción ao uso residencial unifamiliar, e non considerando coma compatibles ou complementarios as actividades que requiran na edificación unha sala de ventas superior aos 500 m². En relación á modificación proposta con respecto ao artigo 118 das NSP, consistente en limitar o uso terciario-comercial á planta baixa, non comparte a informante dito criterio, máxime cando polas especiais características do concello, e a súa tipoloxía edificatoria maioritaria de vivenda unifamiliar illada, proliferan os edificios únicos, que poden compartir e alternar ditos usos, de xeito que ben poden ser utilizados en planta baixa coma establecemento aberto ao público combinado co uso residencial, coma ampliar o uso terciario as súas dependencias superiores coma almacén, cando a parte inferior carecese de espazo suficiente, ou ben o seu titular non quere combinalo co uso residencial. Trátase, en definitiva, de favorecer a recuperación e rehabilitación do patrimonio construído, a fin de contribuír a súa posta en valor.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Polo tanto, resultado das alegacións presentadas no período de exposición pública é a modificación dos artigos 105, 117 e 128 das vixentes NSP, contidos nos artigos 12, artigo 14, e artigo 17 respectivamente, da presente modificación puntual sexta.(...)

Bergondo o 15 de setembro de 2020.

A Xurista de Urbanismo

Aurelia María Basanta García”

CONSIDERANDO

Os informes do arquitecto municipal, emitidos o longo do expediente de datas 25.02.2019 e 27.02.2019, sobre os informes sectoriais que compre acadar, do 05.12.2019 sobre as alegacións presentadas modificado polos informes do 10.09.2020 e 14.09.2020, nos que se informa tamén favorablemente a aprobación provisional do documento.

O informe xurídico emitido pola xurista de urbanismo, de data 22.02.2019 e 27.02.2019 sobre as normas sectoriais a ter en consideración, e informe favorable a aprobación provisional de data 15.09.2020 asinado pola xurista de urbanismo, coa conformidade da Secretaria Xeral do Concello e a Interventora.

Tendo en conta, que na redacción do documentos necesario para a aprobación provisional da modificación puntual sexta das normas subsidiarias de Bergondo, denominada “Precisión de condicións de ordenación” contén as precisións indicadas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Tendo en conta o contido do artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e que a competencia para a aprobación provisional é do Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2c) e artigo 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez examinado o expediente, proponse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. *-Estimar e desestimar as alegacións presentadas ao documento de aprobación inicial da Modificación puntual sexta das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación, segundo se recolle no informe técnico do Equipo redactor -maio de 2020- e dos servizos técnicos (do 05.12.2019, modificado polos informes do 10.09.2020 e 14.09.2020) e xurídicos (do 15.09.2020) municipais, quedando incorporadas ao documento as modificacións aceptadas:*

1.-RXE núm. 20190000001294 15/04/2019 Manuel Carabel Balsa: Estimada parcialmente, en canto aos usos do artigo 128 das NSP efectuado no artigo 17 da MP, desestimada nas restantes peticións.

2.-RXE núm. 20190000001557 06/05/2019 Mercedes Villamarín Fraguío, en nome e representación de LUBORQUI SL: Estimada parcialmente no punto relativo aumentar a altura máxima de 10 m a 10,50 m (modificación do artigo 117 das NSP, efectuado no artigo 14 da presente modificación puntual), desestimada nas restantes peticións.

3.- RXE núm. 20199000000563 06/05/2019 Jorge Fernández de Araoz García-Lubén, en representación da

26 (38)

PLENO 24-09-2020

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen. (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

mercantil Inversiones Zoara SL: Desestimación íntegra das alegacións.

4.-RXE núm. 201999900000705 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo, que se representa por Jose Antonio Seoane Ares: Desestimación íntegra das alegacións.

5. RXE núm. 201999900000706 29/04/2019 Comunidad Propietarios Polig. Bergondo, que se representa por Jose Antonio Seoane Ares: Desestimación íntegra das alegacións.

6. RXE núm. 201999900000747 08/05/2019 Bienes Inmuebles Corporativos Atlánticos 2008, SL: Estimada parcialmente, en relación á redacción do artigo 105 das NSP, artigo 12 da MP, desestimada nas restantes peticións.

Segundo.-*Aprobar provisionalmente a Modificación puntual sexta das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación, contidas no expediente nº 2017/X999/000103 e continuada no expediente 2019/U032/000001, redactada pola arquitecto dona María Ríos Carballeira en base a los documentos denominados Modificación Puntual sexta das NSP. Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Documento para aprobación provisional. Maio 2020. Páxinas 1 a 27 achegado o 10.09.2020 (Rx entrada núm. 202099900002022) e Modificación Puntual sexta das NSP, Concello de Bergondo. Precisión das condicións de ordenación. Informe relativo ao período de información pública. Agosto 2020. Paxinas 1 a 15 (Rx entrada núm. 202099900001909, do 01.09.2020)*

Terceiro.-*Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co artigo 60.13 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

Cuarto.*Consonte o establecido no artigo 189.1 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, notifíquese á Administración do Estado a aprobación provisional do presente instrumento, por ser a administración titular do ben denominado Centro de promoción da autonomía persoal de Bergondo (CPAP) sito en Fiobre, parroquia de Moruxo.*

Bergondo, o 15 de setembro de 2020

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez”

..\\..

A Sra. Alcaldesa lembra que esta modificación naceu parella coa sétima, que foi aprobada no mes de xullo. Os textos foron adaptándose segundo chegaban os informes. As dúas modificacións foron solicitadas polos técnicos do concello xa que as nosas normas estaban obsoletas e daban lugar a moitas interpretacións no servizo de urbanismo. Tamén están adaptadas á normativa que foi saindo nos últimos anos. O obxectivo xeral desta modificación é a falta de concreción de definición por falta de adaptación a normativa vixente ou disparidade de criterios nun mesmo ámbito. Trátase de igualar todos esos criterios; con esta modificación vamos a igualar medicións de altura, de definición de vivendas tradicionais fora de ordenación adaptándoas á lexislación actual vixente; non é só para negocios senón tamén para vivendas particulares. Despois da aprobación inicial corresponde a exposición pública, que se formulen as alegacións correspondentes. Houbo seis alegacións presentadas. Algunhas delas non son unhas malas propostas e deben terse en conta no pxom ou noutro tipo de modificación, pero que exceden o ámbito de aplicación desta ordenanza.



O Sr. Voceiro do PP di que van apoiar esta proposta porque é bo adaptar a realidade de hoxe unhas normas que son do ano 1992, aínda que o máis fidedigno en base a normativa debería ser o pxom, do cal nada se sabe. Reitera que isto debería estar feito no plan xeral. No ano 1999 iniciouse en Bergondo a tramitación para o primeiro pxom.

A Sra. Alcaldesa responde que un plan xeral non se pode aprobar nun prazo tan curto de tempo e estas modificacións puntuais xa irán integradas na ordenanza para o futuro pxom; isto é traballar para o pxom. Houbo unha proposta de pxom que se levou a pleno no ano 2010 e non se aprobou.

O Sr. Voceiro do grupo mixto manifesta que, en consonancia co expresado no pasado pleno, o seu voto vai a ser a abstención polo mesmo motivo.

O Sr. Voceiro de AV recalca que imos aprobar un instrumento de planeamento urbanístico fundamental e moi útil para adaptarnos a lexislación actual. É útil tamén por cuestións como os usos e dar unha segunda oportunidade a moitas vivendas, naves e industrias, que despois de perder a actividade que viñan desenvolvendo, quedaron relegadas ao abandono nalgúns casos, e isto esperamos que repercuta en vida para actividade económica e o emprego no noso concello, O seu voto vai a ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total doce (12) votos a favor e unha (1) abstención, que representa a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, segundo esixe o artigo 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por maioría absoluta de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

6. DECLARACIÓN DE EFECTO NO UTILIZABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE. 2020/X998/000308

Dáse conta aos/ás asistentes da proposta ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de setembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Visto o procedemento tramitado para a declaración de efecto non utilizable do vehículo, marca Renault, modelo Megane Berlina Confort Esprexion, matrícula 4080FSR, adscrito no seu día ao servizo da Policía Local, dende a súa adquisición por cesión da Consellería da Presidencia no ano 2007 ata o ano 2015, data da súa adscripción aos servizos xerais.

Visto que consta no inventario de bens: Epígrafe 5º- Vehículos. Subpígrafe 5.1 Vehículos. Nº orden: 12.

Descrición

28 (38)

PLENO 24-09-2020

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen. (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Clase: Vehículo destinado á Policía Local. Matrícula: 4080FSR. Marca: Renault. Modelo: Megane Berlina Confort Esprexion. Cor: branco/azul. Nº Bastidor VF1BMSE0638164576. Combustible: Diesel.

Adquisición

Adxudicación: Forma: cesión. Importe: 18.980,00 euros. Pago. Órgano: Alcaldía. Decreto/Data: 424/2017 de 4 de xuño. Acta recepción. Data acta. Xuño 2007

Destino

Departamento: Servizos xerais.

Seguro

Nº póliza 15164557. Compañía. AXA Seguros.

Observacións: Vehículo cedido pola Consellería de Presidencia, en cumprimento do establecido no artigo 9º da Orde do 15 de febreiro de 2007 (DOG núm. 38 de 22 de febreiro). Abonado o 25% do seu importe polo Concello. Modificado destino de Policía Local a Servizos xerais, ano 2015”

Visto que o taller oficial consultado sobre a valoración do ben indica que polo estado do motor (motor gripado), antigüidade e kilometraxa, ascende a 500 euros.

Visto que José Ramón Lorenzo Carou, concelleiro de Obras Públicas, Réxime Interior e Seguridade, informa que o vehículo non reúne os requisitos precisos para prestar axeitadamente o servizo público indicado, atendida a natureza e destino do ben.

Vistos os artigos 7, 112 e 118 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e consonte cos informes obrantes no expediente, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. *Declarar efecto non utilizable o vehículo, marca Renault, modelo Megane Berlina Confort Esprexion, matrícula 4080FSR, dispoñendo a súa baixa do Inventario de bens municipal, como ben de dominio público, de servizo público con destino a Servizos xerais.*

Bergondo, 16 de setembro de 2020

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. Alcaldesa di que este vehículo despois de dar servizo durante aproximadamente oito anos na policía local pasou a servizos xerais. Como xa tivo varios arranxos. e dado que se comprou unha furgona de segunda man. procede facer a declaración de efecto no utilizable para poder dalo de baixa no inventario municipal. Este coche xa ficará no taller.

O Sr. Voceiro do PP sinala que o coche xa era hora de dalo de baixa, pero espera que non quede abandonado como outro vehículo da policía local que quedou nunha finca municipal.

O Sr. Voceiro do grupo mixto e o Sr. Voceiro de AV manifestan que non teñen nada que comentar.



Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

Dáse conta aos/ás asistentes da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de setembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propon ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Plan de accesibilidade universal”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo da realización dun pequeno “estudio de campo”, si ben é certo que os edificios públicos existentes están adaptados xa, tense detectado como case a práctica totalidade dos pasos de peóns existentes no noso municipio non cumpren coa normativa de accesibilidade ao non estar adaptados para persoas con diversidade funcional, o que lles dificulta ou en algúns casos incluso lles impide poder facer unha vida autónoma sen depender da axuda de terceiras persoas, ou en algún casos ter que circular pola vía reservada aos vehículos co perigo que iso conleva; a modo de exemplo, e sen ir máis lonxe, o situado en San Cidre, fronte a capela.

Ademáis, en diversos puntos do noso termino municipal, podemos atoparnos con farolas, postes do telefono ou da luz, ou contedores do lixo situados no medio e medio das beirarúas ou ocupando gran parte delas, sen ter opción posible para sortealas. Así mesmo, existen zonas nas que o espazo reservado para o tránsito peonil faise insuficiente para o paso de cadeiras de rodas ou calquer outro produto de apoio.

Por outro lado, a ter tamén en conta, existe tamén outro tipo de apoio visual que consideramos necesario, cando menos nos edificios públicos, neste caso de titularidade municipal, como os pictogramas usados para sinalizar de forma visual as estancias dos lugares para as persoas que o precisan.

No seu momento, a realización de infraestruturas como beirarúas, tal como están hoxe, foron un avance, sen embargo, a día de hoxe, son susceptibles de melloras para facelas máis accesibles, que se deberían recoller nun “Plan de accesibilidade universal”, polo ben de todos e todas, para mellorar a calidade de vida da persoa que se enfronta día a día a dificultade de ter mermada a súa mobilidade, e polo feito de que, en calquer momento, calquera de nos pode ter unha discapacidade ben sexa temporal ou de por vida. Ademáis,



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

tense en conta que as medidas a adoptar non dependen única e exclusivamente do Concello, xa que tamén se ven implicadas outras Administracións Públicas, ou empresas de servizos como a luz ou o teléfono.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno Local a realización dun estudo de accesibilidade universal encamiñado a eliminación paulatina das barreiras arquitectónicas detectadas, e a implementación dun sistema de accesibilidade cognitiva. Do mesmo modo, comunicar as administracións correspondentes as que non sexan de competencia municipal e instalas a súa subsanación; igualmente coas empresas de servizos como luz ou teléfono con postes susceptibles de mudar de localización.

2.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.

En Bergondo, a 15 de setembro de 2020

(FOTOGRAFÍAS)”

O Sr. Voceiro do grupo mixto, tras dar lectura á moción achegada, explica que se trata de facer un inventario de barreiras arquitectónicas para telas detectadas e ir eliminando paulatinamente as que sexan de competencia municipal, e instar á súa corrección ás que correspondan a outra administración ou a empresas de servizos, E por outro lado a instalación de pictogramas nos edificios municipais que axuden a persoas, por exemplo con trastorno do espectro do autismo, a que se sitúen mellor mediante eses pictogramas.

A Sra. Alcaldesa di que se amosan máis partidarios da execución destas obras ou subministros necesarios, e non da elaboración do plan ou estudo, que conlevaría unha disponibilidad económica e non se podería realizar de inmediato. Estas son cuestións que se deben ir abordando pouco a pouco, tales como apartar postes, sinais, ou facer rebaixes nas beirarrúas e hai un compromiso por parte do goberno para ir facendo esas modificacións. En canto ao sistema de sinalización nos edificios é unha cuestión viable que se pode estudar. Polo tanto non se amosan en contra das medidas, senón da elaboración do plan polo custo que poida ter.

O Sr. Voceiro do PP comenta que se van abster nesta moción.

O Sr. Voceiro de AV indica que máis aló do custo que supón un plan de accesibilidade universal. non cré que este plan poida aportar unha información maior da que xa observamos. Hai cuestións que xa se acometeron coma a rebaixa nas beirarrúas en diversos puntos, as rampas para usuarios de cadeiras de rodas, e nos pasos de peóns. Están abertos a suxerencias e non están en contra das medidas pero sí da elaboración dun inventario que non aportaría nada.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo

31 (38)

PLENO 24-09-2020

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen. (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público)



mixto: un (1) voto a favor. Total oito (8) votos en contra, un (1) voto a favor e catro (4) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

8. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

Dáse conta aos/ás asistentes da moción emendada ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de setembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “o protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as Anpas así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto, na disposición adicional 4ª da lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, setembro de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 establécese as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos Covid19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da Covid19.

Neste mesmo Protocolo regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecoste. Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPAs.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da Covid19, non pode obviar á totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do subrecoste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta sobre as obrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as FANPAs (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo Covid19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- 2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da Covid19, asumindo a totalidade do sobrecuste.*
- 3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían ou dificultarían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.*
- 4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.*
- 5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.*

En Bergondo, a 15 de setembro de 2020”

O Sr. Voceiro do grupo mixto, tras dar lectura á moción achegada, aclara que se trataría de solicitar o financiamento para as limpezas extraordinarias a realizar nos centros educativos e pon como exemplo o do colexio Cruz do Sar no cal a metade de alumnado quedaría sen comedor e non teñen información nin seguridade sobre as actividades extraescolares.

A Sra. Alcaldesa indica que xa hai outro protocolo que se publicou o día anterior por acordo da Consellería de Sanidade e a de Educación, para os centros especiais e os comedores escolares. O Plan Madruga municipal está funcionando, estase levando a cabo; sábese que no centro escolar de Bergondo vai haber máis profesorado e vanse dando pasos. Nos esiximos á Xunta de Galicia que pague esas desinfeccións que non son unha competencia municipal, e tamén reivindicamos ese proceso de conversa coa FEGAMP, e que se nos compense por esas cantidades que se van a pagar a maiores. Vimos de aprobar en Xunta de goberno unha modificación do actual contrato de limpeza municipal incorporando eses custos. O seu grupo vai apoiar esta moción.

O Sr. Voceiro do PP di que o protocolo de adecuación ao contexto covid-19 nos centros educativos non universitarios é un documento adaptable que foi mellorado e para o que se escoitaron as aportacións da comunidade educativa. Foi consensuado, e trabállase nel para dar resposta ás necesidades cambiantes. O protocolo da Xunta de Galicia só transcribe esas recomendacións do Ministerio de Educación e o de Sanidade. Sí hai diálogo co profesorado, ampas, centrais sindicais, administración local e universidades. A comunidade autónoma galega e o Ministro de Educación manteñen conversas e están proponendo documentos que a comunidade galega acepta como propios e transcribe literalmente.

A Sra. Alcaldesa non cuestiona o protocolo en sí, independentemente das súas modificacións. Resalta que o primeiro protocolo que houbo non foi negociado, foi feito exclusivamente pola Consellería de Educación. Non cuestiona que haxa que facer as limpezas e desinfeccións nos centros escolares, pero reclama que as desinfeccións que son maiores as pague a entidade que ten as competencias no ensino, que é a Xunta de Galicia.

O Sr. Voceiro de AV di que hai moitos protocolos pero pouca financiación para os concellos. O seu voto vai



ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción emendada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e catro (4) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** a moción emendada que devén en acordo nos termos antes transcritos

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación pola Sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 27 de xullo de 2020 ao 18 de setembro de 2020, ámbolos dous incluídos, numerados do 917/2020 do 27 de xullo ao 1072/2020 do 18 de setembro de 2020.

O Pleno queda enterado.

10. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentan.

11. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas.

A Sra. alcaldesa lembra como quedaron pendentes de responder as preguntas do Partido Popular do pleno anterior celebrado o día 30 de xullo de 2020, estas van ser agora as primeiras en contestar, e procede a dar lectura e resposta ás devanditas preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo mixto a través da Sede Electrónica do Concello, o día 22 de setembro, núm. Entrada: 202099900002133; foron as seguintes:

1.- *¿Ten previsto o Goberno Local reeditar a elaboración dos orzamentos participativos en algunha versión adaptada as circunstancias derivadas do Covid19?*

2.- *Este verán algunhas empresas do polígono industrial sufriron varios episodios de inundacións e outras incidencias derivadas do mal funcionamento do sistema. Tendo en conta a importancia da área empresarial como principal motor económico de Bergondo, ¿ten previsto o Goberno Local acometer algunha actuación de urxencia que alivie esta situación, dada a proximidade do inverno e o conseguinte empeoramento da climatoloxía?*

3.- *A Xunta de Galiza anunciaba recentemente melloras no plan de transporte metropolitano, ao parecer xa*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

adjudicado, indicando que o noso polígono se beneficiara de maiores frecuencias ampliando conexións con Sada e o aeroporto de Alvedro. ¿Ten algún dato o Goberno Local acerca desta mellora, se xa esta activa, horarios, ...?

1.- ROGO. Varios veciños e veciñas trasladáronnos que a APP de incidencias e información municipal “Bergondo contigo” non funciona correctamente, rogamos se den as instrucións precisas para a súa revisión e posta de novo en correcto funcionamento.

2.- ROGO. Recentemente a Xunta inauguraba a nova rotonda na estrada AC-164. Rogamos se inste a mesma a colocar un sinal indicativo para ir ao Mosteiro de Bergondo, unha construción senlleira e significativa do noso concello.

*3.- ROGO. Se den as instrucións precisas para o arranxo de diversas deficiencias no entorno na praza pública de Guísamo así como a limpeza da mesma (un banco roto, reposición duns bordillos desprendidos, ou unha arqueta mal rematada).
(achegan fotografías)*

4.- ROGO. Varias persoas que participaban nas actividades culturais municipais trasladáronnos o seu malestar pola retirada dalgunhas delas, como tapicería, segundo aseguran, sen explicación. Así mesmo, indican a súa disposición a adaptarse, como non pode ser doutra maneira, as medidas necesarias derivadas dos protocolos polo Covid19. Rogamos reconsideren esta decisión e intenten consensuar dalgún modo a realización das mesmas adaptadas a “nova normalidade” coas persoas interesadas e a empresa adjudicataria.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo do Partido Popular a través da Sistema de Interconexión de Rexistros, o día 22 de setembro, núm. Entrada: 202090000000747; foron as seguintes:

1.- A limpeza de terreos das FAIXAS SECUNDARIAS, ¿só vanse convenir na Parroquia de Ouces? ¿Cales son os motivos?

2.- ¿O Concello obtén algún beneficio por ter, dende hai ben anos, ocupada unha parcela municipal polo Consorcio, ademáis de ter amoreados os contenedores inservibles?

3.- ¿Por qué este ano o Concello non limpou as franxas de maleza do polígono?

4.- ¿Por qué seguen sen limpase as parcelas municipais do Polígono Industrial de Bergondo nas que incluso hai un vehículo fóra de uso da policía local que está tapado pola maleza?

5.- ¿Cales son as medidas que o Concello vai adoptar para que non se siga inundando a zona da gasoleira do Polígono Industrial cada vez que chove forte? Levamos xa varias inundacións e ás portas temos o inverno.

6.- ¿Cales son as medidas que pensan adoptar para evitar que cando chova salten as tapas das arquetas que baixan pola parroquia de Guísamo?.

7.- ¿Cales son as medidas que o Concello vai adoptar para que non se repitan os episodios de rotura de tuberías de auga no motor económico de Bergondo que é o Polígono Industrial?

8.- Dende o 15 de Agosto hai problemas co alumeado na AC-164, dende Miodelo á rotonda de Os condes.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

¿Que está a ocorrer con de Bergondo 2 este alumeado?. ¿Por que no existe un teléfono de avarías para poder chamar a Tecnored polas noites, que é cando os veciños teñen que avisar porque non hai luz?

9.- As fontes e lavadoiros do Concello están nun lamentable estado, ¿non pensan facer un mantemento? (recórdolle que se gastou unha boa partida de cartos en reparalos...).

10.- ¿Pensan limpar os caminos? moitos que foron asfaltados, recentemente, están cheos de maleza.

11.- Durante o verán estivo prohibido o aparcamento na praia do Pedrido, ¿para o próximo ano pensa facer prazas para que poidan aparcas as persoas con discapacidade?

12.- As beirarrúas Municipais están invadidas de maleza (nalgures teñen 60 cm), ¿pensan limpalas?

13.- As fochancas que están dispersas polos rúeiros de Bergondo ¿a que esperan para tapalos? algúns xa poderíamos empadroalos.

14.- Os rexistros das augas pluviais están todos atascados, ata teñen herbas e enredadeiras, ¿non pensan limpalos?

15.- Segue a desbordarse o rego Río Maior en Augarrios por riba da estrada cada vez que chove algo forte, ¿Por qué non se acometen obras para evitar o desbordamento?

16.- Os vecinos do lugar lindantes có Río Maior quéixanse porque cada vez que chove forte o río baixa con fortes cheiros. ¿Que medidas pensa tomar para evitar esta situación?

17.- Estamos xa en Outono e aínda non se limpou a finca de Cortés. ¿Que medidas adoptaron ante esta situación?.

18.- ¿Cales son as medidas que se van adoptar coas denuncias dos veciños acerca de aparición de ratas en Vixoi debido a falta de limpeza de terreos que xa lle denunciámos en varias ocasións?. ¿Por que non se notifica e require ó propietario para que cumpra a lei e limpe a finca nos prazos establecidos. Esta propiedade leva anos sin desbrozarse.

Esta acta foi gravada con video e audio. Consta no expediente do TEDEC 2020/G010/000006 o video en formato mp4, que está dispoñible no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=iC6DBISEX14&feature=youtu.be>. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte:

73D90D5A15956ACD1AA1BE1337E2B878F72510D8223D00B8F7BED419E3EBD2E7

Consta tamén no expediente TEDeC indicado a gravación de audio en formato mp3. A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:
21FC49779E078192569A5587A5FA12BA266D32689EF0A2351F710A384EB5

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e dous minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A secretaria
Ana M^a Cacharrón Castelos

V^o. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez